

Herberto Helder, luz solitaria

Poesía Obra completa dun escritor sempre evasivo perante o prestixio

Escribir sobre a poesía de Herberto Helder remíteme aos anos noventa, cando me atrevía a reclamar publicamente para a poesía galega poéticas surrealistas como as que representaban en Portugal Herberto Helder, Natália Correia, Mário Cesariny e António Maria Lisboa, entre outros. Nada me convencían os argumentos de Henrique Monteagudo e Claudio Rodríguez Fer sobre a nítida presenza de estilos surrealizantes e a imitación excesiva de Helder entre os poetas galegos, pois semellaban tentativas de atribuír experiencias vangardistas infrutuosas a unha poesía galega asombrosamente pagada de si. Anos máis tarde coñecín a obra de Manuel Vilanova *E direivos eu do mister das cobras* (Follas Novas Edicións, 2007) e alí gocei dun poemario que apuntaba naquela dirección, e que probablemente foi inxustamente obviado por ser o autor demasiado heterodoxo para o sistema literario da altura.

Herberto Helder sempre adoptou unha actitude evasiva perante o prestixio que a súa obra xerou, xa desde o inicio: “[...] O prestígio é uma

Ofício Cantante:
Herberto Helder.
Assírio
& Alvim, 2009 ·
624 páx · 48 euros



armadilha dos nossos semelhantes. Um artista consciente saberá que o êxito é prejuízo. Deve-se estar disponível para decepcionar os que confiaram em nós. Decepcionar é garantir o movimento. A confiança dos outros diz-lhes respeito. A nós mesmos diz respeito outra espécie de confiança. A de que somos insubstituíveis na nossa aventura e de que ninguém a fará por nós [...]”. Non constan entrevistas concedidas polo autor salvo unha no *Jornal de Letras* en 1964 e outra realizada para a revista *Luzes de Galiza* por Xosé Lois García en 1987. Este autor, considerado por Antonio Gamoneda o poeta vivo máis importante de Europa, non reedita os seus libros. De feito, cando o ano pasado publicou *A faca não corta o fogo* (Assírio & Alvim) e o poemario se esgotou en tres meses, a res-



O cabalo negro (detalle) // J. M. Helrich

posta da editora foi proporlle unha selección persoal da súa obra completa que incluíse o libro que viña de ser devorado polos seus fementos lectores.

Ofício cantante é un título recuperado polo autor para os seus poemas reunidos. Nesta última entrega inclúe textos desde *A colher na boca* (Ática, 1961) até *A faca não corta o fogo* (2008), en que as metáforas sorprendentes, a ambigüidade e

a presenza do insólito continúan a florear libremente nun discurso literario que vehicula un compromiso profundo e inusual coa creación. Unha obra poética, en definitiva, en que a reflexión sobre a esencia do poético (“Porque o único sentido, digo-to agora, é a beleza mesmo”), a imbricación do carnal no intelectual (“mamas sem leite e sangue mas / terrestres soberanas / pénis intenso / ânus sombrio”), a visión multi-

perspectivada do mundo (“Se basta a água anárquica?”), a teoría da escrita (“na folha escura onde cada frase brilha / um relâmpago apenas antes de ser escrita”), a imaxe sorprendente (“a flor com o seu feixe de artérias”) e a reflexión sobre o material de construción poética (“porque eu, o mundo e a língua / somos un só / desentendimento”) continúan a ser recursos irrenunciábeis. // **Alfredo Ferreiro**